



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: III Curso superior de formación do enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos na Administración Local

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Outros

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	PLAN:	FONDOS EGAP	HORAS:	120
ADMINISTRACIÓN:	AUTONÓMICA	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2011
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	SUPERIOR	EDICIÓNS:	1
RESPONSABLE:	[]				

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

- Completar a formación dos enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos en relación aos traballos que poden desenvolver na Administración municipal.
- Actualizar os conceptos urbanísticos de planificación e xestión, e a súa adaptación á práctica do urbanismo municipal de Galicia
- Actualizar a formación do enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos nos proxectos de urbanización e as obras de competencia municipal e supramunicipal.
- Formar ao enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos municipal no papel de interlocutor municipal no diálogo con outras administracións (central, Autonómica, deputacións, organismos autónomos, etc.)
- Mellorar a competencia profesional dos enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos que desenvolven a súa actividade no exercicio libre ou en entidades privadas que deban relacionarse coa Administración local.

DESTINATARIOS

Será requisito necesario para a realización do curso ser, á data da convocatoria, enxeñeiro de camiños, canles e portos colegiado no Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos, alumno da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos da Universidade da Coruña pre colegiado no Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos ou enxeñeiro civil pertencente á Ordem dos Engenheiros de Portugal.

As prazas distribuiranse en grupos do seguinte xeito:

a. 10 prazas terán como destinatarios aos empregados/ás públicos/ás das administracións públicas de Galicia, tanto autonómica coma local, e das universidades do Sistema Universitario de Galicia que cumpran os seguintes requisitos: pertencer ao grupo A (subgrupo A1) do persoal funcionario, ou ao grupo I do persoal laboral incluído no ámbito de aplicación do V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia.

Os enxeñeiros de camiños, canles e portos que traballen para os concellos contratados a tempo completo encadraranse neste grupo.

b. 10 prazas terán como destinatarios os alumnos da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos da Universidade da Coruña.

c. 5 prazas terán como destinatarios enxeñeiros civís pertencentes á Ordem dos Engenheiros de Portugal.

d. 15 prazas terán como destinatarios os enxeñeiros de camiños, canles e portos que non pertencen a ningún dos grupos anteriores.

En caso de non se cubrir na súa totalidade a cota de prazas reservadas nos apartados anteriores, estas poderán cubrirse polo resto de solicitantes, na orde de preferencia seguinte: empregados públicos, enxeñeiros de camiños, canles e portos non empregados públicos, enxeñeiros civís portugueses e alumnos da Universidade da Coruña.

Este curso valorarase con 1 punto a aqueles alumnos/as aprobados/as que cumpran os requisitos para a aplicación do establecido na Resolución do 26 de outubro de 1994, do Instituto Nacional de Administración Pública, pola que se establecen, de acordo coas Comunidades Autónomas, os criterios de recoñecemento e valoración dos cursos de Formación e Perfeccionamento de Administración Local, en cumprimento do establecido na Orde do Ministerio para as Administracións Públicas do 10 de agosto de 1994, da Resolución do 30 de novembro de 1994, do Instituto Nacional de Administración Pública pola que se corríxen erros da Resolución de 26 de outubro de 1994 e tamén do establecido no

- *) Por cursos de 20 a 80 horas: 0,10 puntos.
- *) Por cursos de 80 a 150 horas: 0,30 puntos.
- *) Por cursos de máis de 150 horas: 0,60 puntos.

b) Solicitantes incluídos no apartado 4.b): a puntuación máxima será de 10 puntos e aplicarase o seguinte baremo:

- Por ter superadas todas as materia correspondentes aos cursos 1º, 2º, 3º e 4º da carreira de enxeñeiro de camiños, canles e portos, 5 puntos.

- A nota media simple do expediente académico do alumno da Universidade da Coruña, valorarase linealmente entre 0 e 2 puntos, correspondendo 2 puntos á nota media simple máis alta dos solicitantes e 0 puntos á nota media simple máis baixa.

- Pola realización de cursos específicos relacionados co exercicio da profesión dentro da Administración pública: ata un máximo de 3 puntos.

*) Por cursos de 20 a 80 horas: 0,10 puntos.

*) Por cursos de 80 a 150 horas: 0,30 puntos.

*) Por cursos de máis de 150 horas: 0,60 puntos.

c) solicitantes incluídos no apartado 4.c): a puntuación máxima será de 10 puntos e aplicarase o seguinte baremo:

- Por experiencia nun posto de enxeñeiro civil na Administración ou entidades adscritas: 1 punto por ano traballado ata un máximo de 5.

As fraccións de ano traballado en distintas administracións poderán acumularse. As datas de referencia, para os efectos do cómputo do tempo, serán as que figuran na dilixencia de toma de posesión e cesamento ou no certificado de vida laboral.

- Por experiencia nun posto de traballo relacionado directamente coa Administración: 0.5 puntos por ano traballado ata un máximo de 2.

Esta experiencia poderá acreditarse mediante a presentación dun certificado de vida laboral e/ou unha relación dos traballos realizados en colaboración coa Administración ou entidades adscritas, expedido polo órgano competente.

- Pola realización de cursos específicos relacionados co exercicio da profesión dentro da Administración pública: ata un máximo de 3 puntos.

*) Por cursos de 20 a 80 horas: 0,10 puntos.

*) Por cursos de 80 a 150 horas: 0,30 puntos.

*) Por cursos de máis de 150 horas: 0,60 puntos.

d) Solicitantes incluídos no apartado 4.d): a puntuación máxima será de 10 puntos e aplicarase o seguinte baremo:

- Por experiencia nun posto de enxeñeiros de camiños, canles e portos na Administración ou entidades adscritas: 1 punto por ano traballado ata un máximo de 3.

As fraccións de ano traballado en distintas administracións poderán acumularse. As datas de referencia, para os efectos do cómputo do tempo, serán as que figuran na dilixencia de toma de posesión e cesamento ou no certificado de vida laboral.

- Por experiencia nun posto de traballo relacionado directamente coa Administración: 0.5 puntos por ano traballado ata un máximo de 4.

Esta experiencia poderá acreditarse mediante a presentación dun certificado de vida laboral e/ou unha relación dos traballos realizados en colaboración coa Administración ou entidades adscritas, expedido polo órgano competente.

- Pola realización de cursos específicos relacionados co exercicio da profesión dentro da Administración pública: ata un máximo de 3 puntos.

* a)Por cursos de 20 a 80 horas: 0,10 puntos.

* b) Por cursos de 80 a 150 horas: 0,30 puntos.

* c) Por cursos de máis de 150 horas: 0,60 puntos.

A comisión resolverá as alegacións e reclamacións que se puidesen suscitar.

3. DATOS EDICIÓN

SANTIAGO

LOCALIDADE: SANTIAGO DE COMPOSTELA

INICIO / FIN: 18/02/2011 a 11/02/2011

NUM. PRAZAS: 40

ESTADO: NORMAL

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE